

## NECROLÓXICAS

Desde que en 2001 saíu o número anterior de *Viceversa*, o Comité Asesor desta revista quedou moi reducido polo pasamento de tres dos seus membros: a traductora Esther Benítez Eirou, o poeta e traductor José Angel Valente e o profesor do Hunter College da Universidade de Nova York Xoán González-Millán. As defuncións de Esther Benítez e de Valente mereceron sentidas páxinas tanto na prensa diaria como nas revistas especializadas de tradución e literatura, algunhas escritas por membros do Consello de Redacción desta revista. Se para os dous primeiros a morte supuxo unha liberación de penosa doenza, a desaparición violenta nun accidente de tráfico do profesor González-Millán e a súa dona, Esperanza Caneda, deixou en familiares e amigos a persistente sensación dunha perda inadmisíbel.

Este profesor galego, nacido no Grove (Pontevedra), estaba na vangarda dos estudos literarios e sociolóxicos e desde o Hunter College de Nova York encetou novos camiños de estudo e comprensión da realidade literaria de Galicia, como ben pode constatarase, tanto na súa non escasa obra, como nos dez números do *Anuario de Estudios Literarios Galegos* por el fundado e dirixido.

Desde o primeiro número de *Viceversa*, no que publicou «Cara a unha teoría da tradución para sistemas literarios 'marginais'. A situación galega», Xoán González-Millán seguiu de cerca tamén o mundo da tradución en Galicia. As súas propostas sobre a influencia da tradución nun sistema literario marginal como o galego significaron un importante pulo para os estudos universitarios de tradución en Galicia, que se iniciaron precisamente nos anos en que o noso desaparecido amigo lle dedicou maior atención ó tema. E, a pesar de que a súa achega neste campo non foi prioritaria, pois centrou os seus estudos no comportamento do sistema literario de creación, as súas ideas foron e seguen sendo fundamentais para os traballos sobre a tradución en Galicia.

A certeza de que a súa semente ten aínda moito froito que dar e o recordo do seu afecto, laboriosidade e bonhomía son o noso consolo.

Redactada a nota anterior, na última corrección de probas deste accidentado número, temos que engadir a triste noticia do pasamento Xela Arias Castaño, membro do noso Consello de Redacción, traductora varias veces premiada e escritora comprometida coa nosa lingua. No próximo número desta revista farase unha cumprida información do seu labor no mundo de tradución.

¡Que a lembranza deles e as súas obras duren entre nós!

O Consello de Redacción